



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas e trinta minutos do trinta de decembro de dous mil quince, reuníronse en sesión ordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os señores concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Dona María Isabel García Pacín, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Fátima Iglesias Núñez, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno, Dona María Ángeles Pilar López López, Don Álvaro Santos Ramos, Don José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Unha vez aberto o acto polo Sr. Alcalde, seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**- Dáse conta ao Pleno do borrador da acta da sesión celebrada o día tres de decembro do actual, repartido coa convocatoria. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción da acta, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar aprobación ao borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada o día tres de decembro do actual.

**2.-DERROGACIÓN DA ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL E DA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, CARGA E DESCARGA DE MERCANCÍAS DE CALQUERA CLASE.**- Polo Sr. Alcalde dase conta ao Pleno de que no concello constan expedientes de aprobación e modificación, so seu día, das ordenanzas fiscais reguladoras do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo municipal de Friol e da reguladora do prezo público por entradas de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercancías de calquera clase.

Considerando que non son necesarios os escasos recursos que se poderían obter da aplicación das mesmas, considérase oportuno a derogación de ambas ordenanzas fiscais.

De conformidade co disposto no art. 15 do R.D. lex 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, as entidades locais deberán acordar a imposición e supresión dos seus propios



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

tributos, De conformidade co disposto na lexislación de réxime local, o órgano competente para elo é o Pleno da Corporación.

Á vista do exposto, propónse ao Pleno, en canto órgano competente para elo, a derogación expresa das devanditas ordenanzas desde a data de adopción do correspondente acordo.

Unha vez concluído un breve turno de intervencións, o Pleno do Concello en votación ordinaria e unanimidade **ACORDA**:

- Derrogar as ordenanzas fiscais vixentes reguladoras do prezo público pola utilización do pavillón polideportivo municipal de Friol e da reguladora do prezo público por entradas de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercancías de calquera clase.
- Que o acordo se publique no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos e na web do concello, aos efectos oportunos.

Con anterioridade á votación, procedeuse ao turno de intervencións. Despois dunha breve exposición do Sr. Alcalde, na que afirma que os recursos que se poderían obter coas ordenanzas que se propón derogar son escasos, e ademais en concreto a do pavillón polideportivo, redundará en beneficio das asociacións culturais e deportivas que o utilizan, o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos pon de manifesto a súa intención do seu grupo de votar a favor da derogación de estas ordenanzas, e mais en concreto da do pavillón polideportivo, que xa saíu a colación na última sesión plenaria, xa que a perda dos recursos que se poderían obter coa mesma non afectan significativamente ao estado económico do concello e contribuirá a facilitar a realización de actividades e á vida cotidiana dos habitantes do concello. Á vista de que polos señores concelleiros non se desexan facer mais intervencións ao respecto, polo Sr. Alcalde, cérrase o debate e procédese á votación no senso anteriormente indicado, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

### **3.- ANULACIÓN DE DEREITOS RECOÑECIDOS DO EXERCICIO CORRENTE.**

Dase conta ao Pleno do informe emitido polo funcionario encargado da xestión do Padrón do subministro de auga e I.V.E. sobre o seu consumo, recollida do lixo, tratamento e eliminación de residuos e rede de sumidoiros, de que se detectou un erro no recibo de José Luis Carballido Sánchez, consistente en que a aplicación informática que elabora os recibos das taxas de subministro de auga e I.V.E. sobre o seu consumo, recollida do lixo, tratamento e eliminación de residuos e rede de sumidoiros, anotou un incremento desmesurado do consumo de m<sup>3</sup>, en concreto 1.000 m<sup>3</sup>, xa que o consumo era 0 m<sup>3</sup>.

Como consecuencia do erro emítese un recibo no que o total de auga ascende á cantidade de 323,34 euros máis 32,33 euros de I.V.E. o que totaliza 355,67 euros,



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

sendo o importe correcto no recibo de auga de 6,31 euros e 0,63 euros de I.V.E. o que suman 6,94 euros.

Por elo proponse proponse á anulación de dereitos recoñecidos do exercicio corrente polo importe de 348,73 euros, dos que 317,03€ son de auga e 31,70€ de I.V.E. Por Tesourería dise que debe procederse á súa anulación na aplicación orzamentaria, así como subsanar a cantidade correspondente polos concepto de canon cuota fixa e canon cuota variable, que teñen a consideración de extrapresupostaria.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa facer ningunha intervención, nin formular cuestións ao respecto, o Pleno do Concello en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar aprobación á anulación dos dereitos recoñecidos do exercicio corrente polos conceptos expresados, proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

**4.- MOCIÓNS.-** Polo Sr. Alcalde dise que seguidamente pasarase ao estudo, debate e votación das mocións presentadas polo Grupo Popular e polo Grupo Socialista, con anterioridade á convocatoria da sesión.

**"D. Álvaro Santos Ramos, voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:**

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lai 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN** relativa a:

### **ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No Concello de Friol vén de producirse un procedemento de regularización catastral. Ao mesmo tempo que aos veciños lles estaban chegando as comunicación, o goberno municipal propuxo e aprobou, cos votos do Partido Popular, unha modificación da Ordenanza Fiscal Municipal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbiles de xeito que o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbiles aplicable aos bens de natureza urbán, queda fixado no 0,6 % en vez de no 0,45% anterior. Esta modificación significa unha subida do IBI de urbana do 33%.

A resultados do procedemento de regularización catastral moitas edificacións que anteriormente non estaban sometidas a este imposto pasan a darse de alta e polo tanto os propietarios a ter que pagar o IBI por elas, sobre todo construcións con uso agrario. Se ben dende o PSdeG-PSOE de Friol estamos de acordo en que os datos catastrais se correspondan coa realidade, non o estamos co alcance das consecuencias que o mesmo ten para a economía de moitas familias do noso Concello, con máis preocupación, se cabe, polas construcións afectadas que son destinadas a un uso vencellado á actividade de maior implantación, influencia e importancia do Concello de Friol, a actividade agrícola e gandeira.

A lexislación vixente permite aos Concellos decidir o tipo de gravame entre un máximo e un mínimo, sendo o mínimo no caso de bens inmóbiles urbanos o 0,4 % e o máximo o 1,10%.

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, recolle no seu artigo 74, Bonificacións Potestativas, apartado 1: As ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación de ata o 90% da cota íntegra do Imposto a favor dos bens inmóbiles urbáns ubicados en áreas ou zonas do municipio que, conforme á lexislación e planemento urbanísticos, correspondan a asentamentos de poboación singularizados pola súa



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

vinculación ou preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, gandeiro, forestal, pesqueiro ou análogas e que dispoñan de un nivel de servizos de competencia municipal, infraestruturas ou equipamentos colectivos inferior ao existente nas áreas ou zonas consolidadas do municipio, sempre que as súas características económicas aconsellen unha especial protección. Por outra parte o mesmo artigo no seu apartado 2 quáter di: os Concellos mediante ordenanza poderán regular unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interés ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

No Concello de Friol son moitos os núcleos de poboación que non contan co mesmo nivel de implantación de servizos de competencia municipal que outras zonas do Concello consolidadas, como a capitalidade da vila. O sistema de aplicación do IBI é o mesmo en todo o Concello facendo que estean sometidos ao mesmo tipo de gravame tódolos veciños independentemente do grao de servizos do que se poidan beneficiar. Paga o mesmo IBI un veciño que se atopa nun núcleo con rede de abastecemento de auga municipal que un que non ten esa posibilidade, paga o mesmo IBI un cidadán que vive nun núcleo con rede de saneamento que un que non o ten.

Por outro lado, a actividade agrícola e gandeira é capital para o Concello de Friol, onde a economía produtiva xira fundamentalmente en torno a este sector, o que o fai merecedor de políticas de defensa, promoción e protección do mesmo, sendo posible, segundo o exposto, facelo tamén a través da regulación municipal do Impostos sobre Bens Inmobles.

A maiores, o sector gandeiro, está a sufrir a maior crise da súa historia, facendo que moitas explotacións estean a percibir menos ingresos pola súa produción do que lles costa producir, por elo todos os instrumentos utilizados dende as administracións públicas para facilitarlles a súa supervivencia son necesarios.

Por todo o exposto e en aras de que a fiscalidade aplicada no Concello de Friol sexa máis xusta e ademais sirva de instrumento de protección e potenciación da actividade gandeira e agrícola propónse ao Pleno a Adopción dos seguintes

### ACORDOS:

- **Modificación da Ordenanza Fiscal Municipal Reguladora do imposto sobre Bens Inmobles nos seguintes termos:**
  - o **O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos Bens de natureza urbán, queda fixado no 0,45 %, sendo de aplicación para o exercicio 2016.**
  - o **O Concello de Friol bonifica no 50 % a cota íntegra do Imposto dos bens inmobles urbáns ubicados en áreas ou zonas do municipio que, conforme á lexislación e planeamento urbanísticos, correspondan a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola e gandeiro, e que dispoñan de un nivel de servizos de competencia municipal inferiores a outros ou non dispoñan dalgún deles (rede de abastecemento de auga municipal, rede de saneamento municipal, etc).**
  - o **O Concello de Friol bonifica o 95% da cota íntegra do IBI naqueles inmobles nos que se desenvolva actividade económica de especial interés. Considérase actividade de especial interés, cando menos, a actividade agrícola e gandeira, pola súa importancia social, cultural e de fomento do emprego, pois é a actividade que mellor garante o asentamento poboacional no termo municipal, está vencellada á produción de produtos artesáns e resulta un verdadeiro motor económico e de xeración de emprego directo e indirecto. Para ser beneficiario desta bonificación os suxeitos pasivos deberán solicitar a declaración da súa actividade como de interese e será o Pleno da Corporación o órgano que, por voto da maioría simple dos seus membros, procederá a declarar a mesma como tal.**
- **Para o disposto no apartado anterior, o Concello de Friol, creará unha comisión de estudo no que se delimiten os núcleos ou asentamentos singularizados que serán beneficiarios da bonificación do 50% da cota íntegra por atoparse en zonas con menos nivel de prestación de servizos de competencia municipal que outras zonas consolidadas”.**



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Sometida a votación a moción presentada polo concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, referida á ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, o Pleno do concello en votación ordinaria **ACORDA** rexeitar a moción presentada, ao obterse oito votos en contra (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e tres votos a favor (dos concelleiros do Grupo Socialista), proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

Con anterioridade á votación, procedeuse ás intervencións. Comeza coa intervención do concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, na que di que esta moción que todos coñecen, ven a poñer enriba da mesa a reivindicación do Grupo Socialista cando se aprobou no pleno a modificación da ordenanza do imposto de bens inmobles. Ademais quere afondar mais na progresividade e nos criterios de aplicación do tributo, de acordo coa situación e realidade dos núcleos. Antes de entrar nun debate mais profundo, quere preguntar ao Secretario se algunha das propostas que se formulan son contrarias á lei, xa que de ser así retiraríanse.

A instancias do Sr. Alcalde, polo Secretario, respóndese que sería cuestión de facer un informe detallado ao respecto, no caso de aprobación da proposta para tramitar a modificación da ordenanza, pero dunha simple lectura da mesma, non se decata que a mesma vaia en contra do previsto na lexislación reguladora das facendas locais.

Continúa o concelleiro referíndose a discriminación entre núcleos que teñen maior dotación de servizos e prestacións con aqueles que a teñen menor nivel de implantación de servizos, de competencia municipal, que debería ser obxecto de bonificación. A mesma sería revisable no futuro segundo se foran consolidando novos servizos. Di que a posibilidade legal alcanza ata un 90%, pero na moción propónse unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto.

Noutro apartado da moción propónse á bonificación do 95% da cota íntegra do IBI naqueles inmobles nos que se desenvolva actividade económica de especial interese. A vista da preminencia do sector agrícola ou gandeiro, actividade fundamental da economía e mantemento de emprego no concello, sería un claro apoio ao sector a consideración da mesma como de especial interese a efectos de bonificación do imposto de bens inmobles.

Engade o concelleiro que á vista das construcións dadas de alta despois do procedemento de revisión catastral, coa bonificación daríase a oportunidade de que paguen moito menos, que non teñan que asumir novos tributos, o que sería un xesto de apoio a gandeiros e familias que xeran emprego e dinamizan a vida en Friol. Para elo, na moción propónse a creación dunha comisión de estudio na que se delimiten os núcleos ou asentamentos singularizados que serían beneficiarios da bonificación do 50%, por atoparse en zonas de menos nivel de prestación de servizos municipais.



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Conclúe a súa intervención, dicindo que independentemente de que salga adiante ou non a proposta, hai que distinguir que no suposto da bonificación do 50% para os núcleos ou asentamentos con menor nivel de servizos, esta sería directamente aplicable ao tributo. No caso da bonificación do 95% dos inmobles nos que se desenvolva a actividade económica de especial interese, esta sería rogada, terían que pedila os interesados, polo que se debería dar a máxima difusión para que ninguén quede sen a posibilidade de que se lle aplique. Neso consiste a proposta que hoxe trae ao Pleno do Concello.

A continuación intervén o Sr. Alcalde. Comeza a súa exposición referíndose a que a regularización catastral faise pola Xerencia Territorial do Catastro, sen intervención da administración local, xa que non son da competencia do concello, e que se refire a circunstancias determinantes de altas ou modificacións non declaradas de forma completa e correcta no prazo establecido. Estas regularizacións son positivas no senso de que poñen en situación de igualdade a tódolos contribuíntes. Ademais, aínda que teñan que pagar mais polas construcións que se regularizan, estas mesmas quedan reflexadas na documentación catastral, situación de feito das que non había constancia e que contribúe a aportar seguridade xurídica ao patrimonio do titular.

Continúa dicindo que está totalmente de acordo no exposto polo concelleiro do Grupo Mixto, de que que o sector agrogandeiro é o de maior implantación que hai no concello de Friol e que garante o asentamento poboacional. Engade de que o equipo de goberno xa é coñecedor dende hai moito tempo, saben que o sector primario é o mais importante que a día de hoxe conta este concello. Por este motivo, dentro das posibilidades dun concello das características do noso, que son limitadas, pero aínda así, dende o concello non se escatiman esforzos, xa que fixeron, están a facer e continuarán facendo o maior esforzo posible, tanto económico como material, para que deste xeito, o día a día dos gandeiros sexan mais levadeiro e mellore a súa calidade de vida, como tamén aumente a rendabilidade das explotacións.

Engade que no ámbito económico, continuarán investindo, como dixo anteriormente, dentro das posibilidades do concello, creando novos accesos, manter en bo estado os actuais, renovando os puntos de iluminación, incrementalos se fora necesario, renovar traídas de auga, acometer algunha nova, etc. Reitera que no ámbito material, utilizaranse todos os medios dos que se dispón, tanto propios como externos para levar a cabo as actuacións á que se referiu con anterioridade. Ademais procurouse que o Concello de Friol fora uns dos primeiros Concellos de Galicia en apoiar o noso sector lácteo con medidas publicitarias como a marca Galega 100%.

Engade o Sr. Alcalde que se o Concello levara a cabo a modificación proposta polo Grupo Socialista estaría incurrindo nun grave erro de xestión, xa que non podería



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

acometer actuacións como as que explicou con anterioridade e ademais tería que deixar de prestar servizos tan vitais como por exemplo os de tipo social, ou deixar de subvencionar actividades tanto deportivas como culturais.

Conclúe a súa intervención dicindo que o equipo de goberno non está por esa labor, nin moito menos, todo o contrario, que é o que realmente o que queren unha gran maioría dos veciños, é intentar incrementar estes servizos e crear outros novos. Por elo continuarán mantendo e aumentando accesos e viais municipais no rural, xa que cree que dende o concello esta é a vía a seguir, como tamén e a maneira de axudar e de apoiar a que os gandeiros continúen traballando nas explotacións, e deste xeito garanta que o asentamento da xente moza no concello sexa unha realidade.

A continuación o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, responde que á vista do exposto polo Sr. Alcalde, entende que non van apoiar a proposta. Di que agradece a explicación sobre a regularización catastral, que xa coñece. Engade que acerca da competencia o que fixa os tipos do imposto que se vai cobrar é o concello. No que respecta ao exposto polo Sr. Alcalde sobre a seguridade xurídica, di que a mensaxe que se utiliza é para despistar, quere aclarar que coa regularización non se legalizan as edificacións, xa que as altas no catastro son a efectos tributarios, non urbanísticos. Non lle parece ben que o equipo de goberno non apoie a proposta do Grupo Socialista, xa que sería un apoio decidido ao sector gandeiro, que está pasando un mal momento e sería moi beneficioso para eles, sobre todo a aqueles núcleos con menor nivel de prestacións.

No que se refire aos servizos que se deixarían de prestar, o concelleiro Sr. Santos Ramos afirma que o equipo de goberno xa está deixando de facer cousas, xa que sempre queda unha importante cantidade de aforro, de remanente a final de ano, o que é mostra de que se deixaron cousas sen facer. Engade que a situación económica do concello, da que se alegran todos, permitiría manter o nivel de servizos e prestacións aínda aprobando as bonificacións, sen poñer ao concello nunha situación complicada. Sería cuestión de racionalizar o investimento, de facer números, de deixar de aforrar un millón de euros. Conclúe a súa intervención dicindo que é indiferente o que digan ou deixen de dicir, xa que o equipo de goberno non pretende reconsiderar a súa posición, de incremento do imposto, que se sumará ao que suporá a regularización catastral.

A continuación intervén o Sr. Alcalde. Di que o concelleiro do Grupo Socialista fai unha descrición do que permite a lexislación vixente, do que xa están ao corrente. Recorda que o Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro de medidas urxentes para a corrección do déficit público, fixou a aplicación automática dun tipo de gravame mínimo do 0,50 % para o exercicio 2012. Para os anos 2013, 2014 e 2015, fixouse pola administración do Estado unha aplicación dun tipo de gravame mínimo do 0,60 %; para o exercicio de 2015, por aplicación da Lei 16/2013, de 29 de outubro. Polo tanto reitera o que xa dixo no pleno do mes de setembro, o que se



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

fixo foi adecuar a ordenanza municipal ao tipo que se aplicou nos últimos tres anos. A modificación da ordenanza entrará en vigor no ano 2016, sen que supoña un incremento de tipo en relación cos últimos tres anos, reiterando ademais que a maioría dos concellos de Lugo teñen un tipo igual ou superior.

Afirma que o concelleiro do Grupo Socialista está a falar de aprobar bonificacións para núcleos de poboación que teñen menos implantación de servizos que a capitalidade, cando do que debería falar é de incrementar o servizos neses núcleos e mellorar a súa calidade de vida, que é o que están a facer os que gobernan o concello. Di que ve ao concelleiro do Grupo Socialista moi cerca das teorías do señor da coleta, dese partido chamado Podemos, que queren igualar a todo o mundo por baixo, ou sexa, "repartir pobreza para todos", segundo palabras empregadas non fai moito un dos mellores políticos que tivo este país, Felipe González.

Engade o Alcalde que o equipo de goberno non necesita crear unha comisión para coñecer as zonas con menos nivel de prestación de servizos de competencia municipal, xa que coñecen á perfección as necesidades do municipio; ao mellor é o concelleiro do Grupo Socialista quen ten que crear a súa propia comisión para poñerse ao día. Primeiro pediu que non se adecuará a ordenanza ao tipo que se aplicou nos últimos tres anos, agora pide unhas bonificacións que seguramente levarían a ter que deixar de prestar algúns servizos, e se se dá o caso seguramente acabará propoñendo a supresión do imposto. Debería deixarse de demagogia, xa que a presión fiscal en Friol, en relación co IBI, está por debaixo da media da provincia. Ademais debería aclarar onde propón que se recorten gastos, xa que cando alguén propón minorar recadación debe ao mesmo tempo dicir onde se van a suprimir axudas ou prestacións de servizos públicos. Di que cando governe, e sexa Alcalde, explicarlle aos veciños, e non en planfetos, de onde recortará. Coa súa intervención cérrase o debate e procédese á votación no senso anteriormente indicado.

**"D. Álvaro Santos Ramos, voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:**

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lai 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN** relativa a:

### **ELECCIÓN DE PEDÁNEOS**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O nomeamento dos pedáneos que exercerán as súas funcións nas distintas parroquias de Friol é unha potestade do Alcalde do Concello.

Aunque en Friol na práctica a figura do pedáneo non ten unha importancia real moi destacada, pois as súas funcións basicamente limitanse a dar conta aos veciños de determinadas decisións do Goberno Municipal e da publicidade de Bandos e de actividades municipais, o seu papel como axente dinamizador da vida municipal nas parroquias así como canalizador da participación cidadá e das súas necesidades e inquietudes podería ser moito maior.





## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Ao entender dos socialistas de Friol, os pedáneos deberían ter un papel máis importante socialmente e asumir un papel protagonista de voceiros dos veciños e veciñas da súa parroquia ante o Goberno Municipal. Deberían ser os pedáneos quen canalizasen as inquietudes e necesidades específicas e colectivas de cada parroquia e deberían facelo de xeito autónomo e independentemente de directrices que emanen do Goberno Municipal, pois dese xeito garantiríase que os veciños e veciñas de cada parroquia teñen un representante que poida trasladar as situacións que consideren e afecten á súa demarcación ao Goberno.

O Grupo Municipal Socialista considera que é necesario incrementar as posibilidades de participación cidadá na vida política do Concello e ademais considera necesario crear novas canles de comunicación entre os administrados e os administradores, podendo ser para elo determinante o papel que os pedáneos teñan e se lles queira dar.

É por elo que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

- O Concello de Friol adoptará as medidas necesarias para que, antes do 31 de marzo de 2016, os pedáneos de cada Parroquia sexan elixidos polos veciños da mesma.
- Á elección poderá concorrir calquera veciño residente da Parroquia, que sexa maior de idade e non teña impedimento legal para optar a cargos ou postos de traballo de representación pública.
- O Concello convocará a elección en cada parroquia previa apertura dun prazo de 15 días naturais nos que aqueles que o consideren poidan inscribirse como candidatos a Pedáneo. Para elo haberá un modelo normalizado e tanto as bases como os prazos serán comunicados aos veciños susceptibles de ser candidatos por carta.
- Os Concelleiros e Concelleiras da Corporación non poderán optar a ser elixidos como Pedáneos da súa Parroquia.
- Poderán participar na elección de Pedáneos os veciños e veciñas residentes na Parroquia que corresponda maiores de idade e que non teñan impedimento legal algún que lles impida participar en procesos electorais como electores.
- Farase unha elección en cada parroquia cunha mesa de votación dirixida por funcionarios do Concello de Friol e na que poderán participar como observadores dous concelleiros de cada Grupo Político representado na Corporación Municipal.
- A elección farase independentemente en cada Parroquia e o alcalde deberá nomear como Pedáneo de cada unha das parroquias a aquel ou aquela que resulte elixido/a pola maioría simple dos veciños/as.
- En caso de que nunha parroquia non houbese candidatos a elección de pedáneo farase por sorteo público no que serán candidatos todos aqueles veciños que teñan a condición de electores.
- En caso de que nalgunha parroquia só houbese un candidato non procederá celebrar votación e será nomeado o único aspirante.
- En caso de empate entre dous ou máis candidatos repetirase a votación e de resultar novamente en empate, será o Pleno da Corporación Municipal quen dirima cal é finalmente nomeado.
- O nomeamento terá validez ata a celebración de novas eleccións municipais e toma de posesión do novo Goberno Municipal resultante das mesmas, o cal terá un prazo de 3 meses contados a partir da data da toma de posesión, para a celebración dunhas novas eleccións de pedáneos.
- O Pedáneo elixido poderá renunciar voluntariamente ao exercicio das súas funcións no momento en que o considere oportuno.
- Cando o 33% ou máis dos veciños e veciñas residentes nunha Parroquia, mediante escrito asinado por eles dirixido ao Alcalde do Concello de Friol, plantexen a recusación e/ou necesidade de elección de novo pedáneo, procederase ao inicio dun novo proceso de elección de Pedáneo para a Parroquia en cuestión, ao cal o Pedáneo recusado ou cuestionado poderá concorrir novamente. Cada veciño e veciña só poderá presentar unha proposta de recusación contra o mesmo pedáneo en cada lexislatura.
- O Pleno da Corporación poderá reprobar e recusar a calquera Pedáneo cando, motivadamente, considere que non está a cumprir axeitadamente coas súas funcións ou o fai de xeito irresponsable ou lesivo para os intereses dos veciños ou do Concello de Friol".

Sometida a votación a moción presentada polo concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, relativa á elección de pedáneos, o Pleno do concello en votación ordinaria **ACORDA** rexeitar a moción presentada, ao obterse oito votos en contra (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e tres votos a favor (dos concelleiros do Grupo Socialista) proclamando seguidamente o Sr. Alcalde o acordo adoptado.



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

---

Con anterioridade á votación, procedeuse ao turno de intervencións. O concelleiro Sr. Santos Ramos comeza dicindo que nesta moción o Alcalde debería facer as preguntas no primeiro turno, para que teña opción de contestarlle, non no segundo, no que xa non ten opción. Engade que debería prestar mais atención, xa que hai cousas que se pregunta e que xa contestou na exposición feita con anterioridade.

En relación coa elección dos pedáneos, de que é unha potestade do Alcalde, pero propoñen un modelo diferente, mais dinámica, mais útil, asumir un papel protagonista fronte aos veciños, non so voceiros do Alcalde, o que aumentaría a participación cidadán. Propón estes acordos, cunha serie de condicións que se poden contemplar, sendo o fondo da cuestión que os veciños poidan escoller a quen lle vai representar e que sexan voceiros dos veciños, e non sexan escollidos polo Alcalde.

A continuación intervén o Sr. Alcalde. Expón que a propia moción presentada polo Grupo Socialista, comeza dicindo que o nomeamento de pedáneos que exercerán as funcións nas distintas parroquias do Friol, é unha potestade do Alcalde do Concello. Engade que no Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, dise que o Alcalde poderá nomear un representante persoal entre os veciños residentes no mesmo. Dise tamén que o representante deberá estar vecindado no propio núcleo no que exerza as súas funcións. Todo elo nos termos que dispoña o Regulamento orgánico propio da corporación, que nin o concello de Friol, nin a maioría dos concellos, salvo os de maior entidade, teñen regulamento orgánico propio.

No Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, no art. 122 dise o mesmo que no texto refundido que citou antes. Engade que a duración do cargo estará suxeita ao mandato do Alcalde que o nomeou, que poderá removelos cando o xulgue oportuno e que terán carácter de autoridade no cumprimento dos cometidos municipais, en canto representantes do Alcalde que os nomeou.

Polo tanto, conclúe dicindo que como se di tanto na moción presentada, como na lexislación vixente, é unha potestade do Alcalde, o seu nomeamento, Non se considera oportuno complicar a súa elección cun procedemento tan detallado como se propón, na moción, polo que o equipo de goberno procederá a rexeitar a moción presentada.

O concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, responde que saben de quen a potestade para o seu nomeamento, pero non hai ningún impedimento legal para consultar aos veciños quen queren que sexa o pedáneo. Non é algo fora de lei e sería un paso mais na participación de quen debía representalos, non que represente ao Alcalde. Dixo que se non van a votar a favor, non cabe mais debate, que se acolla a potestade da lei e non queren avanzar mais.



O Sr. Alcalde responde que todos os pedáneos teñen a liberdade de expoñer ou expresar o que estimen oportuno, soamente faltaría que non fose así. Considera que non é necesario facer o procedemento que propón o Grupo Socialista, aquí todos son coñecidos e non se deben complicar con mais labores o traballo para quen o fai de forma desinteresada. Engade que o Alcalde e o equipo de goberno terá outros defectos, pero son humildes, accesibles, cercanos aos veciños para escoitar as súas inquedanzas e as súas necesidades, e sempre se terá en conta a opinión e o parecer dos veciños para a elección de pedáneos. Conclúe dicindo ao concelleiro do Grupo Socialista que fale con outro membro do seu partido, o Sr. Orozco, que lle aconselle como elixir pedáneos das parroquias. Coa súa intervención cérrese o debate e procédese á votación no senso anteriormente indicado.

**5. - INFORMES DA ALCALDÍA.**- A continuación, polo Sr. Alcalde dáse conta ao Pleno que non hai cuestións de interese para incluír no presente punto, sen que polos señores concelleiros se formule ningunha cuestión ao respecto.

**6. - ROGOS E PREGUNTAS.**- A continuación o Sr. Alcalde pregunta aos señores concelleiros se queren facer algún rogo ou pregunta a maiores dos presentados por escrito con anterioridade á convocatoria da sesión, das que pasará a dar resposta seguidamente.

O concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, di que quere engadir un rogo en relación coa limpeza e adecentamento do cemiterio municipal, a ver se pode mellorar un pouco a situación actual.

O concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos fai outro rogo, de que se proceda á publicación na páxina web da ordenanza do IBI que xa está en vigor.

O Sr. Alcalde responde que toma nota dos rogos. En relación coa limpeza do cemiterio, pensaba que está ben, non sabe nos últimos días. En relación coa publicación da ordenanza na páxina web, responde que senón está, estará ao longo do día. Diríxese ao Secretario, que responde que pensa que xa está publicada.

Seguidamente pasa a dar resposta ás cuestións presentadas por escrito con anterioridade á convocatoria da sesión.

**“Don Álvaro Santos Ramos, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:**

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno en base á seguinte

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A estrada de Friol a Sobrado foi arranxada recentemente ao seu paso polo Concello de Friol, despois da importante inversión feita na mesma, bótase en falta unha adecuada sinalización dos núcleos de



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

poboación en torno á mesma e que empregan esta estrada como principal vía de comunicación coa vila de Friol ou con outros lugares, este feito dificulta a localización e chegada de transportes, de servizos de emerxencias, de visitantes e en definitiva de aqueles e aquelas que, pola razón qu sexa, teñen que ir a eses núcleos.

Polo exposto, preséntase ao Goberno Municipal o seguinte

### **ROGO:**

- Que o Concello de Friol proceda a acometer o procedemento e actuacións necesarias para sinalizar de xeito urxente na Estrada de Friol a Sobrado dos Monxes os núcleos de poboación que teñen acceso dende a mesma a través de outras estradas”.

**“Don Álvaro Santos Ramos, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Friol, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:**

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno en base á seguinte

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A igrexa de Condes atópase nun lugar elevado en relación ao entorno inmediato, accedendo á mesma por unhas escaleiras de considerable inclinación e altura, o que fai que moitos dos usuarios e visitantes tanto da Igrexa como do cemiterio teñan dificultade para acceder ou directamente a imposibilidade de facelo.

Se ben este feito se repite n máis lugares similares do Concello de Friol, quizais sexa este un caso con maior complexidade pola altura e inclinación das escaleiras, pero tamén un espazo no que se poida”

En relación coa primeira das cuestións, o Sr. Alcalde responde que hai uns meses que se solicitaron á consellería os permisos necesarios para a colocación das sinais. En días pasados chegou ese permiso, polo que nestes momentos parte dos membros de mantemento están montando eses sinais e nos vindeiros días procederase a súa colocación.

En relación coa segunda das cuestións, a referida á igrexa de Condes, responde o Alcalde que aínda que ten dúbidas de que sexa da competencia do concello levar a cabo este tipo de obras, realizaranse as xestións oportunas co Obispado, dado é que o titular de ditas infraestruturas.

Antes de levantar a sesión, á vista da data na que nos atopamos o Sr. Alcalde di quere desexar a todos boas festas, que remate ben o presente ano e moita sorte para o vindeiro, desexos que tamén quere expresar o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos. Á vista de que non hai mas asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás catorce horas e dez minutos da data ao principio indicada, de todo o que que eu, Secretario do concello, redacto a presente acta e dou fe.